



PARTICIPA EN CONTOS NO ESPELLO

1. **ESCRIBE UN CONTO EN GALEGO NO QUE APAREZA UN ESPELLO, OU SELECCIONA UN CONTO SOBRE ESPELLOS ESCRITO OU CONTADO POR OUTRA PERSOA E FAI A TÚA VERSIÓN.**

2. **PROCURA QUE NON SEXA MOI LONGO, O IDEAL É QUE TEÑA ENTRE 500 E 1000 PALABRAS. TEN EN CONTA QUE É PARA SER LIDO EN PÚBLICO.**

3. **ENVÍA UNHA COPIA E O TEU Nº DE TELÉFONO AO EMAIL:
cscconxo@santiagodecompostela.gal**

4. **SE O TEU CONTO É SELECCIONADO, PODERÁS LELO NUNHA DAS SESIÓNS DE *CONTOS NO ESPELLO*. SE PREFIRES NON LELO, FARÉMOLO NÓS POR TI.**

5. **OS MELLORES CONTOS ORIXINAIS RECIBIRÁN COMO AGASALLO UNHA SELECCIÓN DE LIBROS.**



O ESPELLO é un mecanismo enigmático cun gran atractivo literario. Brancaneves, Narciso, Alicia... son numerosas as ficcións que teñen no espello a súa orixe. Na arte ten o simbolismo da vaidade e da beleza pasaxeira. O espello duplica e indica que podemos ser outros, dobres, xemelgos, ecos. O espello distorsiona, engana e troca a dereita pola esquerda. O espello é un non-espazo que excita a imaxinación - reflexión - especulación. O espello máxico fala con nós ou ábrese coma unha porta cara unha realidade alterada. O espello absorbe e asusta e está habitado polos seres e cousas que algunha vez se viron reflectidas nel (agás os vampiros, disque). Hoxe, as pantallas e monitores dos nosos dispositivos electrónicos son o espello deformante que captura a nosa mirada nun labirinto de identidades virtuais e realidades calidoscópicas.

Que ves ti no espello? Cóntao!